



**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSA DE  
RESERVA PARA OS ANOS 2023 – 2024**

**Acta de constitución do tribunal cualificador e valoración de méritos**

**Categoría: Auxiliar de axuda no fogar**

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, en A Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 17:00 horas do día 19 de decembro de 2022, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión de varias **prazas de Auxiliar de axuda no fogar (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0931 de data 23.11.2022, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data 24.11.2022.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 13 de decembro de 2022.

Estando presentes os membros do Tribunal designado na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0974 de data 13.12.2022, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido para a constitución do mesmo, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

**Tribunal titular:**

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria : Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: M<sup>a</sup> del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:** ata un máximo de 5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de **vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia



cotexada), e **copia dos contratos de traballo** ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) **FORMACIÓN:** Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 3 puntos.

- |    |                                |                   |
|----|--------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 50 horas:    | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 20 e 50 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 20 horas:   | 0,10 puntos/curso |

A formación dos/as traballadores/as acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resultan os seguintes resultados:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIEN CIA PROFESIO NAL	FORMACI ÓN	TOTAL PUNTOS
1	Álvarez González, Aurora	5483	Si	5,00	1,50	6,50
2	Alves Fernández, Tatiana	9743	Si	5,00	0,50	5,50
3	Batista Sancha, Isabel	8798	Si	4,40	1,80	6,20
4	Calvo Vidal, Nuria	9408	Si	5,00	3,00	8,00
5	Carnero Álvarez, Andrea	8223	Si	0,00	1,60	1,60
6	Castro Forján, María Silvia	9817	Si	5,00	2,70	7,70
7	Cid Urbano, Ana María	6468	Si	5,00	1,30	6,30
8	Domínguez González, Rosa María	9724	Si	1,00	1,60	2,60
9	Estévez Lamas, Marina	5927	Si	3,80	2,30	6,10
10	Fernández Fernández, Ana Isabel	4914	Si	0,60	0,90	1,50
11	Fernández Gil, Dolores	7008	Si	0,00	1,70	1,70
12	Fernández Ventosela, Nieves	7037	Si	5,00	3,00	8,00
13	Fraguas Fernández, Adrián	5100	Si	5,00	2,70	7,70
14	Gil Sampedro, Laura	6291	Non	5,00	0,70	5,70
15	Gómez Rodríguez, Noemí	6022	Si	0,10	2,10	2,20





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

16	Guedes Ribeiro, Diana	1091	Si	1,80	1,50	3,30
17	Iglesias Yáñez, Aurelia María	4738	Non	5,00	1,70	6,70
18	Mira Rodríguez, Rosana	9607	Si	2,10	0,00	2,10
19	Pérez Formoso, Pilar	4772	Si	0,20	3,00	3,20
20	Pérez Martínez, Lorena	8882	Si	4,10	2,30	6,40
21	Pombar Vígara, Sonia	5846	Si	3,30	3,00	6,30
22	Rivas Ameal, María Olga	5956	Si	0,70	0,70	1,40
23	Rodríguez Amoedo, Eva	6326	Si	3,40	0,60	4,00
24	Rodríguez Garrido, María Pilar	9958	Si	1,20	0,50	1,70
25	Rodríguez Seoane, Beatriz	9683	Si	5,00	1,30	6,30
26	Vázquez García, Carmen	5521	Si	5,00	2,20	7,20

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Na realización dunha entrevista por escrito (no día da data) consistente nun cuestionario de 4 preguntas a desenvolver sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 9 das bases), a realizar nun tempo máximo de 45 minutos.  
A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 para aprobar.
2. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 20 minutos.  
Estarán exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.  
Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

A proba de coñecementos constará dos seguintes documentos:

1. Unha folla identificativa na que se recollen os datos de identificación persoal dos/as aspirantes e da convocatoria.
2. Dúas (2) follas coas preguntas do exame.

A folla identificativa e as follas do exame dispoñen dun sistema de codificación para garantir o anonimato dos/as aspirantes.

Os/as aspirantes non poden escribir o seu nome, nin realizar marcas, nin sinais de ningún tipo nas follas do exame tipo test nin na folla do caso práctico; en caso contrario, o exame quedará anulado. Non poden dobrar nin engurrar as follas dos exames.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: NYNRRRETH7TQD76MFKC2PGKTHL | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 17:05 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

As vogais,

